


30 de xaneiro: día escolar pola paz e a non violencia

FAKTORÍA  DE LIBROS
kalandraka



O NACEMENTO DO DRAGÓN

W. Fei - M. Sellier - C. Louis



"...Cando os homes e as mulleres de todas as tribos da China descubriron o dragón imaxinado polos seus fillos, pareceulles tan fermoso que, por primeira vez, estiveron todos de acordo. E entón decidiron que xamais farían a guerra entre eles..."

Literatura, caligrafía, ilustración e multiculturalidade nun libro producido a partir de papel obtido de plantacións ambientalmente sostibles.

O NENO DO PIXAMA A RAIAS

John Boyne

Sexta edición en galego dun fenómeno editorial que retrata a crueldade da guerra a través da ollada infantil.



GUERNICA



H. Bernard - O. Charpentier

Un "océano de dor e morte", en palabras de Picasso, plasmado nunha das obras de Arte máis famosas de todos os tempos.

SÁLVATE ELÍAS!

E. Brami - B. Jeunet

Un neno indefenso nun mundo sen piedade, que tivo a sorte que os demais non tiveron: sobrevivir.



COMANDANTE HUSS

J. Araujo - P. Sousa


A guerra truncou a súa nenez e converteuno nun neno-soldado que conviviu de preto coa morte, a miseria, a anguria...



A GRAN VIAXE DO SEÑOR M.

Gilles Tibo - Luc Melanson

Mitigando a dor pola perda do seu fillo, descobre tamén o sufrimento alleo das vítimas inocentes da guerra e do horror...



A HISTORIA DE ERIKA

R. Vander Zee - R. Innocenti

No camiño cara á morte, foi lanzada á vida; porque a garantía para que non se repita o seu drama é non esquecelo.



BATALLA DE NAIPES: J.I. Pérez Palomares - J. Rodés

As cartas da baralla tamén pelexan, mais afortunadamente xorden oportunidades para a concordia...

UN BARCO NO CEO: Quentin Blake

Nenos de todo o mundo crean a historia desta arca voadora que salva a quen sofre pola violencia e os desastres ambientais.

